

A Martina encántalle o fútbol,
mais no equipo da súa escola hai quen
cre que as rapazas xogan peor.
Demostrará Martina que se equivocan?



MARTINA FUTBOLISTA

Susanna Isern

Marta Moreno



MARTINA FUTBOLISTA




Susanna Isern

Marta Moreno



nubeocho



Para Yuna, miña pequena gran futbolista.

Susanna Isern

*A todas as nenas futbolistas que coñezo,
que cada vez son máis, e ao que representan
por conseguir a plena igualdade.*

Marta Moreno

É

É G A L I T É

Martina Futbolista

Colección Egalité

© do texto: Susanna Isern, 2024

© das ilustracións: Marta Moreno, 2024

© da edición: NubeOcho, 2024

© da tradución: Iria Carballo, 2024

www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *Martina Futbolista*

Primeira edición: Marzo, 2024

ISBN: 978-84-10074-48-4

Depósito Legal: M-3201-2024

Impreso en Portugal.


Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

MARTINA FUTBOLISTA

Susanna Isern

Marta Moreno




nubeOCHO

A Martina encántalle xogar ao fútbol. Cando ten un balón nos pés séntese capaz de todo: de chegar ata o outro lado do mundo, de lanzalo tan alto que acariñe as nubes e de facer toques infindos que se deteñen só cando a chaman para cear.



Un día, Martina decide apuntarse aos Dinos, o equipo da súa escola.

—Ola, chámome Martina. Gustaríame formar parte do voso equipo.

Os nenos bisban entre si.

—Vale, tivemos unha baixa e fainos falta xente —di de mala gana Álex, o capitán—. Serás defensa.




Martina comeza a adestrar cos Dinos. Está emocionada por formar parte do equipo. Con todo, pronto se decata de que hai moita rivalidade entre os seus compañeiros.



Todos quieren ser
“o máis rápido”,

“o que fai mellores caneos”
e “o que marca máis goles”.



Isto non lle gusta nada a Martina.

Álex, o capitán, é o máis competitivo. Todos queren ser coma el e o admiran porque é o que mete máis goles cando xogan con outros equipos.



Pero Martina non opina o mesmo. Ela prefire a Xurxo, o seu compañeiro na defensa. É coma un muro e non deixa pasar a ningún rival cara a portaría. —É absurdo que se valoren máis os dianteiros que o resto dos xogadores —laméntase Martina.

Durante un partido contra un duro rival, os Dinos logran meter dous goles. Desde a defensa, Martina e Xurxo forman o tándem perfecto, protexen con bravura a súa portaría e evitan que o equipo contrario marque.

Martina é moi boa na súa posición e, así e todo, dáse conta de que os seus compañeiros a deixan de lado. Cando pasan o balón á defensa, pásanllo sempre a Xurxo e non a ela.



Os Dinos teñen vantaxe, mais o adversario logra empatar na segunda parte.

O partido está moi disputado. Cando se achega o final, Álex consegue aproximarse co balón á portaría. Un compañeiro á súa dereita ten moito mellor ángulo para xutar.

—Pásaa, Álex! —bérralle.



Pero Álex, a pesar de encontrarse en peor posición, decide rematar e o porteiro do equipo contrario detén o balón.

